

DICIONARIO

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Veiga do Real

A Veiga do Real está na parroquia de Montouto, concello de Abadín (Lugo). tamén se coñece como As Mariñas do Real: »Alí diz que houbo un pueblo e hundeu, que sei eu, dixeron que se hundira, que houbera algún día alí un pueblo. E cachos de madeira que a viran alí. —¿Nunca oíu contar porque se afundira? —E dixeron que fora con moita lluvia... que viñera un ano de moita lluvia e que se hundira. —¿Un diluvio? —Sí, un diluvio. —¿E quedara a xente dentro tamén? —Ai, a xente non sei, e debeu quedar habéndoas, vivindo alí, porque dicían que houbera un pueblo. —¿E como se chamaba o pueblo? —Alí, a Veiga do Real». »E esa Veiga do Real, llana coma aquí, pero ten, voulle dicir, unhas cotarelos que despois, redondos, despois no medio introducíronse por baixo, teñen... Hai outro que dicían que, as madeiras vinas eu, eh, as madeiras vellas vinas eu...»

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

ARQUIVO CHAIRA: Transcrición das versións de CARMEN PALLARES (73 anos), Cabanapallaza, Salgueiro, Montouto, e de DOMINGO PARDIÑO (68 anos), A Vacariza, Montouto, 24 de xaneiro de 1993.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004.